

A estética da seguranza.

Lingua e transcendencia en Rosalía

Goretti Sanmartín Rei

goretti@udc.es

1. Contemporaneidade e complexidade do discurso sobre a calidade da lingua

Escribimos este artigo en diálogo constante coa obra do resto de autoras e autores que integran este volume ñpersoas todas elas pertencentes á Universidade da Coruña e co pano de fondo da reflexión sociolingüística quer como cidadá comprometida coa lingua, quer tirada da práctica nas aulas a través da docencia en moi diferentes niveis de ensino, tanto regrados como pertencentes á formación extraacadémica. Enfrontámonos ao longo dos anos a un alumnado tan diverso como o que compoñía os cursos do primeiro ciclo da ESO no CPI de Boqueixón até aquel que integra o Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas e que, por tanto, recolle persoas de especialidades moi diferentes, cun dominio lingüístico moi heteroxéneo, pasando polo máis habitual da Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña. Batemos tamén, a través doutras experiencias, con grupos e circunstancias abondo dispares e persoas que desexaban achegarse, por diversas razóns, quer á lingua, quer á lectura.

Pretendemos sempre interrelacionar os distintos mundos que habitamos, de maneira moi especial o da lingua e a literatura partindo da idea de que é imposible coñecermos a nosa lingua ñnas coordinadas socioculturais en que nos movemos ñ sen partillarmos lecturas e sen acharmos aquelas que nos emocionen. Esta escolla, na liña de moitas outras persoas que acreditan en residir aquí unha das chaves do posíbel éxito da planificación lingüística para o galego, non implica non recoñecermos a especificidade dos obxectivos da planificación lingüística. Moi ao contrario, apostamos por

un desenvolvemento singularizado das políticas de normalización da lingua, que precisan, sen ningunha dúbida, profesionais especializados/as, nun contorno cada vez máis complexo pola aparición de novos grupos de falantes e pola superposición continua de preconceptos.

Cómpre, pois, antes de máis nada, afirmar que as cuestións que imos desenvolver a continuación presupoñen un diagnóstico que é, en gran parte, froito do traballo colectivo, de maneira moi especial, a través do labor na Área de Filoloxía Galega da Universidade da Coruña. Con todo, esta contribución está cruzada por elementos particulares e específicos dunha cosmovisión que recolle algunhas achegas teóricas do feminismo, por xulgármolas de utilidade noutros contextos de dominación e non rexeita o subxectivismo nin a intuición como métodos de achegamento á realidade. De aí que recoñezamos previamente que este é un fío por continuar, unha aproximación posíbel a unha realidade complexa, que se enfronta a sentimentos e actitudes ante a lingua por parte das persoas que a utilizan, nunhas ocasións a rexeitaren palabras e odiaren expresións mentres outras veces hai usos que acaban por reconcilialas con quen foron e/ou son e logran espertar paixóns e entusiasmos. A estética e a creación non están, nese sentido, lonxe de seren ferramentas de normalización que cómpre reivindicar e potenciar. Garda relación o teatro coa planificación lingüística e a recuperación de usos para o galego? Abofé que si, como ben demostra o traballo inxente de Tato Fontaiña neste ámbito e a súa propia achega neste volume, mesmo a falar dun aspecto tan puntual como o debate a respecto da autenticidade da lingua nun xénero que é, por excelencia, o da intervención social.

Partimos nesta viaxe, do criterio de sermos fillas e fillos do século XIX, de aínda pertencermos a ese elo, de vivirmos nunha contemporaneidade que comeza nos *Cantares gallegos* de Rosalía e nas palabras de quen afirmou, moi concretamente no limiar a *Follas novas*, que escribía en galego a causa das clases populares, mais só en certo modo para elas, adiantando as dificultades dunha recepción directa a través da escrita e sinalando un ben diferente público lector:

Creerán algú que porque como digo tentei falar das cousas que se poden chamar homildes, é por que me esprico na nosa léngua. Níe por eso. As multitudes dos nosos campos tardarán en ler estos versos, escritos a causa deles, pero só en certo modo pra eles (Castro 1996b : 15).

E afirmamos a contemporaneidade do proceso iniciado co Primeiro e co Segundo Renacementos da lingua e da literatura galegas non como un *re-*

vival baleiro, senón plenamente conscientes de que a perspectiva histórica nos dota de lentes con que ollarmos de lonxe e nas proximidades de maneira simultánea. De aí a pertinencia do traballo de Sánchez Rei neste mesmo volume, a dar conta das coincidencias dun debate aberto desde o momento en que unha parte da sociedade galega, mesmo moi minoritaria, aposta por converter o galego na lingua literaria e de cultura en que se expresa o noso pobo.

Nunha boa medida a causa de certas polémicas suscitadas sobre os discursos da chamada á calidade da lingua como instrumento normalizador radican na falta de definición sobre quen son as persoas a que se dirixen estes discursos e que consecuencias prácticas se ocultan detrás, na falta de especificación a respecto da distancia que os distintos colectivos sociais gardan sobre a responsabilidade lingüística, sobre o futuro do idioma. Porque, como en case todos os ámbitos, existe un problema de medida do grao en que nos atinxen as palabras, unha cuestión que ten a ver co horizonte de expectativas, con quen estamos a ollar mentres escribimos e/ou construímos o noso discurso.

Finalmente nesta introdución, queremos pór enriba da mesa un criterio habitual na reflexión sociolingüística, mais ás veces esquecido ou secundarizado. Falamos daquel que sinala que os paradigmas e conceptos aplicábeis ás linguas non significan o mesmo cando os aplicarmos mecanicamente ás linguas minorizadas. Se a esta consideración acrecentarmos a necesidade de romper co pensamento binarista que tenta ofrecer como dous vértices independentes realidades con moitos aspectos en común (como acontece coa parella *prescripción / descripción*, realmente pertencente a dúas esferas distintas, complementares en moitas ocasións), podemos afirmar que estamos a falar, en realidade, do feito de construímos unha lingua desde as diversidades. E se esa lingua precisar explicacións, diremos que se trata de construír unha lingua con falantes seguras, con falantes con orgullo do seu, a matriz principal do significado dunha lingua de calidade, dunha lingua digna, e a dignidade é un atributo que posúen tamén as clases populares, tamén xente de calidade.

2. A seguranza lingüística como instrumento de normalización

Unha das cuestións principais que debemos abordar é o intento de moitas e moitos lingüistas de estableceren unha forte separación entre linguas e falantes. Xa Freixeiro Mato –no traballo que inclúe neste volume– contra-

pón o *Leave your language alone*, de Hall, co *Don't leave your language alone*, de Fishman, e afirma que ningunha persoa comprometida co galego dúbida onde ten que estar. De feito, unha das críticas constantes á política lingüística practicada pola administración galega residiu nunha posición extrema de non intervención ou de intervención de baixo nivel, o que xa sabemos en que se traduce: os dereitos e as posibilidades de desenvolvemento para quen sempre gozou deles.

Por outra parte, Freixeiro Mato tamén lembra a contundencia de Calvet (1998: 8) ao sinalar que a sociolingüística é a lingüística e dá por evidente a forte relación entre lingua e política, entre lingua e sociedade, entre lingua e economía, entre lingua e ideoloxía.

As linguas non existen sen as persoas que as falan e as reflexións sobre as linguas están aí, van estar aí sempre. De feito, a nosa vida está ateigada de reflexións sociolingüísticas, de opinións que conseguen que mudemos de opinión sobre os nosos usos, de estigmas que prohiben certas formas e de modas que recomentan outras, por non falarmos de palabras (e propostas terminolóxicas) con ou sen fortuna. Que faría o estudante que regresa á aldea ao saber que todas as persoas do seu contorno entenden que se nota que estudou en como fala, por exemplo, ao preguntar se as vacas están “xunto ao” río en vez de se están “cabo do” río, como recolle en apostilas complementares no seu magnífico disco Radio Cos?¹ Que voltas daría a nai ao tentar traducir a expresión de que “iso é relativo” que lle espetaba a filla adolescente até chantarlle por resposta que xa sabía que o que quería dicir era “aseghún”, mais que non se trataba diso?

A inseguranza lingüística é propia das comunidades minorizadas, que posúen unha representación equivocada tanto do que é correcto como do que falan, como subliñou Formoso Gosende (2010: 140-141), que a sitúa á beira da comodidade, da alienación lingüística e da falta de lealdade, como actitudes que encerran, consciente ou inconscientemente, unha desculpa que evita recoñecer a imaxe do galego como unha lingua de segunda.

Como ben afirmou Camerón (1995: 8-10) e Moreira Barbeito (2014: 267-268) nos lembrou e aplicou ao caso galego, todas as persoas somos prescritivis-

tas ocultas ou hixienistas verbais, como Cameron prefire afirmar. O propio antiprescritivismo é unha das formas en que se manifesta o prescritivismo. A utilización perversa da parella *descripción / prescripción* como a parte positiva e a negativa da lingüística, ao identificar prescripción con imposición e homoxeneización esquece as necesidades das linguas dominadas de se dotaren de instrumentos que coadruen á súa recuperación, ao tempo que obvia todos aqueles aspectos que supuxeron un enriquecemento lingüístico após se asentar un modelo culto de referencia.

Por outra parte, un novo argumento sitúa os modelos lingüísticos como moldes perfectamente acabados, feitos dunha peza, como se non houbera opción a modificar quen vés sendo, mesmo xa non por unha alteración consciente da persoa falante, senón por procesos físicos e psicolóxicos que conducen determinados falantes a modelos lingüísticos moi distintos. Sofrer unha hemiplejía e ter que comezar de novo a aprendizaxe lingüística é unha experiencia única para quen a padece e para as persoas que o/a rodean. Reencontrámonos non só léxico, senón construcións e usos lingüísticos descoñecidos nunha persoa familiar que está doente ou é idosa pode levarnos a descubertas inesperadas. Descubrir a rica e profunda fraseoloxía na letra dunha canción enche de contidos a alegre rebeldía con que afrontamos o mundo.

O certo é que non falamos igual durante toda a vida e que aínda non posuímos termos suficientes para denominar cada unha das etapas que atravesamos. Non os temos en xeral e non os temos, sobre todo, para casos como o galego. Cando algunhas persoas pomos en cuestión a etiqueta de “neofalante”, facémolo, fundamentalmente, desde a perspectiva de que o lóxico é chegar a un momento en que eliminemos o “neo”. Ninguén debería ser nin pensarse como neofalante toda a vida, considerar que esa etiqueta a/o vai acompañar até a tumba, cando menos non nun contexto como o galego neste preciso momento histórico e se falarmos de persoas que residen neste país e teñen opcións de usaren a lingua e conviviren con ela un día si e outro tamén. Podemos definir as características do modelo lingüístico das persoas neofalantes, describilas, agrupalas, fomentar o orgullo de estaren a construír unha lingua, ou de se estaren a construír na lingua. Con todo, o máis relevante é ver como vivimos rodeados de falantes que foron no seu día neofalantes, ou semifalantes, que mudan de lingua para dicir os números de teléfono, que non poden ler no idioma que falan, ou que non poden falar con fluidez na lingua que escriben, ou falantes só en certos contextos e situacións. Por iso, hai neofalantes que chegaron a ser modelos lingüísticos de referencia. Porque depende das circunstancias, pode pesar moito máis a adquisición da primeira lingua

1 O texto completo que conta unha informante a comezo da canción número 7 (Sete cuncas) é o seguinte: “Hai máis de 40 anos que foi isto, e mandárono os abuelos. Taba en cas dos abuelos e mandárono polas vacas e dixo: “Están xunto do río?”. Se había dicir: “Están cabo do río?”, tu mira que palabra dixo: “Están xunto do río?”. Ah, eso foi verdá, e dixeran os que oíamos, dixeran: “Mira para el como se lle conoço o que le e o que estudia”.

por transmisión interxeracional directa que todo o aprendido a posteriori ou viceversa. E ningunha das opcións é mellor que a outra.

Se en todas as linguas existiren reflexións sociolingüísticas cruzadas por factores de procedencia, idade, xénero, estudos e, mesmo, individuais, esas reflexións son maiores nun contexto de continuas dúbidas sobre as fórmulas lingüísticas. As escollas nunca son inocentes. Haberá a xornalista que elixe sen dubidalo os termos máis parecidos ao español por xulgar que así garante que non haxa interferencias na mensaxe e a mestra que decide empregar determinadas palabras e construcións co obxectivo de estas non se perderen ou, cando menos, de se recoñeceren. O problema que desata a opción que reflexiona sobre a calidade da lingua é a de lle dar ferramentas (coñecemento diverso) á xornalista para estar segura das eleccións e non optar sempre pola converxencia castelá.

Poderíamos pór múltiples exemplos, mais pensamos que abonda para repararmos nun tema que xa tratamos de maneira especial noutra ocasión (Sanmartín Rei 2009). De feito, o primeiro capítulo do libro titulado *Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación* está dedicado á seguranza lingüística, entendendo que é nela onde reside a cerna dunha lingua de calidade. Por iso, tanto nesta obra como noutras elaboradas por un grupo de profesoras e profesores da Área de Filoloxía Galega da UDC non pretendemos corrixir e criticar as persoas falantes, como Regueira (2012) suxire, senón incluír na descrición lingüística unha ponderación especial a respecto de fenómenos tradicionais hoxe pouco comúns na lingua oral e escrita e sinalar mesmo diferenzas entre determinadas construcións, por cuestións de idade, de se entenderen como antigas... Trátase de acrecentar máis coñecementos e provocar a reflexión e a elección consciente de quen queremos ser lingüísticamente. A utilidade de estudos como o de Sánchez Rei (1999) sobre a interpolación pronominal non pode unicamente entenderse desde unha perspectiva investigadora sobre o pasado, senón que debe reverter na sociedade actual. Unha das deducións será xulgar de maneira distinta o intento de trasladaren á escrita un fenómeno propio da lingua oral e coloquial, mesmo con erros, como fixeron as persoas ligadas ás Irmandades e ao Grupo Nós. Mais outra é preparármolos para ter os ouvidos ben atentos e detectar estas formas nas persoas que aínda nos rodean. E incorporalas ao noso modelo de lingua, se o así decidirmos. Cando menos, non condenar o fenómeno, non contribuír ao seu silenciamento e estigmatización.

3. Os camiños da literatura e a creación

Se acrecentarmos ás reflexións a aposta pola utilización da literatura (e o teatro e a canción) como instrumento de extensión da capacitación lingüística, teremos un universo moito máis rico ao noso dispor. A crítica de Regueira (2012) sobre a afirmación de Freixeiro Mato (2009: 61) de existir “un galego coloquial, informal ou popular que posúe toda a calidade e a dignidade do galego culto” que pode exemplificarse na obra *Os vellos non deben de namorarse* podería ser contrarrestada coa explicación de sermos todas as persoas que empregamos un galego culto a nivel oral debedoras da Xeración do 16 e do Grupo Nós, en canto que artífices do ensaio galego, un ensaio e unha prosa non ficcional que gardan innúmeras relacións coa construción da oratoria. Monteagudo salientou en diferentes ocasións (1996; 2000) algún deses camiños:

Hai que subliñar que a oratoria resultou unha soleira case obrigada e un campo de exercicios utilísimo para a nacente prosa galega: falar nunha ocasión pública nun contexto formal dun tema elevado nunha lingua non practicada neses ámbitos constituía todo un desafío, pero os textos que se preparaban para esas oportunidades adoitaban prepararse coidosamente por escrito, así que moitas veces percorrían tamén o camiño cara ós prelos. Desta maneira, a oratoria foi preparando o camiño para a prosa non ficcional (Monteagudo 2000: 88).

Mais a ida e volta foi constante e tamén o feito de posuír un escrito ensaístico coadxuvou a restaurar os usos da lingua culta en diferentes ámbitos: lingua académica, política... (Sanmartín 2009: 93).

Por pormos outro exemplo, que o estudantado cualifique como máis correcta en galego a construción “terriña onde me eu criei” fronte a outros usos diferentes da interpolación pronominal ten bastante a ver coa interiorización colectiva da obra rosaliana. Porque tamén somos o que lemos e/ou escoitamos literariamente.

Utilizamos á mantenta dous exemplos, a lingua de Castelao na peza *Os vellos non deben de namorarse* e a lingua rosaliana. Unha das obras é unha peza dramática, escrita para ser representada, o xénero escollido para popularizar e dignificar linguas non normalizadas en multitude de contextos, pois o teatro é un dos lugares preferidos pola intervención social. No outro caso Rosalía e a súa obra poética, unha obra feita para ser cantada, para ser escenificada, declamada. Cando se celebra o aniversario de *Cantares gallegos* e ven a luz estudos e homenaxes, tamén se edita, entre outras xoias, un disco, ao noso ver, sublime. Falamos do fermosí-

simo *A rosa díAdina*, de Acadacanto. Mesmo lendo unha e outra vez a poesía de Rosalía, unha interpretación cantada recupera matices que se nos perderan e consegue novas evocacións que tamén contribúen a fixar o texto e a interiorizar e reproducir frases e expresións que xa pasan a ser parte de nós.

Achegar as relacións entre lingua oral e escrita no caso galego pode verse como unha interferencia que manipula e deforma a realidade viva ou como un enriquecemento que fará mellorar o noso modelo lingüístico. Igual que o melloraría escoitar as radios e as televisións portuguesas e ler literatura nese idioma.

A seguranza lingüística é un criterio baseado na confianza da persoa utente. Por iso, haberá quen a consiga a través da recuperación de trazos e expresións propias do seu lugar de procedencia, quen o faga asimilando léxico culto do seu ámbito de investigación, quen sinta ese orgullo ao empregar a gheada ou quen se identifique con todo aquilo que o portugués exhibe sen reparos, como o uso do futuro de subxuntivo ou a denominación, tamén tradicional entre nós, de contar os días da semana por feiras.

Se xulgarmos que é bo ter unha potente armazón de coñecementos obxectivos para contrarrestar os prexuízos lingüísticos, se afirmarmos que as persoas que falan da imposición do galego están a padecer un grave problema conceptual, será bo para a lingua se manter que a poboación posúa sólidos coñecementos lingüísticos. E entre eses coñecementos, a identificación e o goce estético non son menores. A procura daquilo que converte o seu modelo lingüístico en especialmente atractivo, tamén por desexado e por construído con esforzo, é decisivo na interacción comunicativa. A importancia da seguranza lingüística como factor normalizador está directamente relacionada coa necesidade de posuírmos un amortecedor sociolingüístico para contrarrestar momentos moi difíciles para a lingua. Por iso son relevantes nocións como a de calidade da lingua cuxo discurso ten que afectar, loxicamente, en moi distinto grao a profesionais da lingua (profesorado, xornalistas...) que ao resto da poboación.

4. Persoas destinatarias dos discursos

Non é a primeira vez en que se pretende ligar a defensa dun modelo de lingua culto e digno para o galego cunha posición elitista para preservar un suposto poder dunha minoría ilustrada. Mais a oposición entre un discurso prescritivista conservador e outro reaccionario ñque Regueira (2012) cita

varias vecesñ carece de sentido se falarmos do proceso de restauración de usos dunha lingua non normalizada. Cando Antón Lousada Diéguez propón en 1930 levar a lingua da aldea á cidade, dunha corredeira á bioloxía, dunha ruada á filosofía, que está a facer? Situala onde non estaba, e darnos ferramentas para continuar a desenvolver ese proceso.

Cómpre reparar no escaso uso que fan do infinitivo flexionado persoas con moita relevancia para o idioma, como profesorado ou xornalistas. É positivo, pois, procurar a través dunha escolla prescritiva que continúe o seu uso, recuperando construcións xenuínas para a lingua, porque a reactualización do pasado só pode ser un feito revolucionario en galego.

Para quen escribía Rosalía? A quen diriximos nós as políticas de normalización? Deben ir orientados os nosos esforzos a traballar cos detractores do galego ou a ese sector social un tanto indiferente mais que sentiría a súa perda? Ten interese sinalar un grupo como aquel con bastante consciencia en ámbitos moi dispares e pouco comprometido lingüísticamente, ese que tan ben retratou Singala no artigo “Catro percepcións erróneas sobre a lingua” (Núñez Singala 2010), un magnífico diagnóstico previo a respecto da falta de conciencia lingüística entre a mocidade actual? E ten sentido orientar políticas específicas aos sectores xa concienciados, a aqueles aos que se lles presupón o compromiso lingüístico? Depende algo deles o proceso de normalización? Ou xulgamos, como algunha persoa afirmou no seu día, que as persoas que amamos a lingua o que facemos é afogala e que cómpre querela menos?

Partimos da evidencia de situarmos como eixo da planificación lingüística en contextos de subordinación o reforzo da lealdade e a a autoestima, na defendida por Boyer e asumida por Formoso Gosende (2010). Por iso é fundamental reflexionarmos sobre a necesidade de cohesión interna, sobre a responsabilidade das diferentes persoas e grupos arredor da lingua. Son moi importantes as persoas utentes do galego e aquelas que sexan altofalantes publicamente. Un libro é lido por moitas persoas que fan súa esa lingua; un/unha docente fala ao longo dos anos para milleiros de discentes; o persoal dos medios contribúe a normalizar o idioma e fai que hoxe a ninguén nos resulte estraño un termo tan pouco utilizado hai décadas como “orçamento”. Tamén posúen especial relevancia as que se nutren da literatura, da música, da creación, da cultura, porque son persoas que zugan maneiras de expresarse que han reverter nas xentes que viven ao seu redor.

Se facemos historia, houbo moitas persoas a influír noutras para estas últimas mudaren de lingua ou se faceren coas súas formas de falar. Os ensaios lingüísticos e gramaticais son instrumentos que fornecen de criterios ese

sector de que a lingua depende para continuar a resistir, un conxunto que tamén é capaz de exercer ou reclamar os seus dereitos lingüísticos. Todas as persoas con relevancia pública teñen responsabilidades acrecentadas, comportamentos éticos que cumprir de maneira moi especial. Entre eles, empregar unha lingua que poida ser un modelo (non único nin homoxéneo), mais si un modelo digno de lingua.

5. O exemplo de Rosalía

5.1. A obra poética rosaliana, un texto para ser cantado

Daquelas que cantan as pombas i as frores
 todos din que teñen alma de muller.
 Pois eu que nías canto, Virxe da Paloma,
 ¡Ai!, ¿de que a terei?
 (Castro 1996b: 19)

Como comentamos anteriormente, calquera galega/o reconece facilmente a fórmula ‘terriña onde me eu criei’ como correcta, aínda que esa mesma persoa utilice, habitualmente ou sempre ‘terriña onde me criei’ e/ou ‘terriña onde eu me criei’. A relevancia lingüística da nosa literatura é un valor principal. Imos tentar a continuación ver se a obra rosaliana, tan estudada do punto de vista literario, ten relevancia sociolingüística ou este é un aspecto de tan escasa entidade que non posúe capacidade para nos mover.

Comezamos cuns versos ben coñecidos, o primeiro poema de Follas novas, en cuxo significado non imos agora afondar –a pesar de o merecer, pois a súa lectura literal só roza levemente a profundidade desta reflexión inicial–, mais sobre o que calquera persoa lectora pode constatar a oposición aos moldes estabelecidos e a vontade de os transcender. Ruptura, radicalidade, profundidade, velaí trazos da obra rosaliana para o xénero, para a lingua ou para a defensa da terra, dun lugar en que pousar. Tamén encerran estes versos unha característica da lingua de Rosalía: a mestura de castelanismos con formas autóctonas, en moitas ocasións respondendo a un uso diglósico popular. Mentres con ‘pomba’ Rosalía nomea o animal, a especialización cun nome propio e, máis aínda, co ámbito relixioso, condiciona o emprego de ‘Paloma’, denominación que tamén contaxia noutras ocasións, como se se tratase dunha lección sobre a extensión dos españolismos, a expresión da ave. Algo semellante acontece nun poema de Cantares gallegos onde se opoñen as ‘palomiñas’, no sentido de bolboretas que andan a redor da luz ás ‘pombiñas’ do ‘palomare’:

Fun un domingo,
 fun pola tarde,
 co sol que baixa
 tras dos pinares,
 cas nubes brancas,
 sombra dos ángeles,
 cas palomiñas
 que as alas baten
 con un batido
 manso e suave,
 atravesando
 vagos celaxes,
 mundos extraños
 que en raios parten
 ricos tesouros
 de ouro e diamante.

Pasín os montes,
 montes e valles;
 pasín llanuras
 e soledades;
 pasín os regos,
 pasín os mares
 con pés enxoiotos
 e sin cansarme.

Colleume a noite,
 noite brillante
 cunha luniña
 feita de xaspes,
 e fun con ela
 camiño adiante,
 cas estreliñas
 para guiarme,
 que aquel camiño
 sólo elas saben.

Dempois a aurora
 co seu sembrante
 feito de rosas
 veu a alumbrarme,
 e vin estonces,
 antre o ramaxe
 de olmos e pinos,
 acobexarse
 branca casiña
 con palomare
 donde as pombiñas
 entran e saien
 (Castro 1996a: 46).

Coido que ninguén negará o coñecemento do léxico tradicional que ten Rosalía, por máis que este conviva, algunhas veces, de maneira caótica canto á súa distribución, con outras formas castelanizadas. Igual que acontece desde unha perspectiva sociolingüística a respecto dalgunhas contradicións nos usos lingüísticos, e para alén de ser imposíbel aplicar as regras e as nocións do estándar actual ao século XIX, existían outras prioridades e eran outros os focos de interese.

Os versos con que iniciamos este apartado son un bo exemplo do fondo coñecemento da nosa autora a respecto do seu papel como escritora. Rosalía era moi consciente das súas propias transgresións e do significado da súa obra e das súas palabras. Unha reflexión tan fonda sobre o papel das mulleres, sobre a súa propia voz para representar as clases populares, fundamentalmente as mulleres, e para conseguir dignificar Galiza e cantala como esta merece, é ben difícil de compaxinar coa persoa que carece dun modelo de lingua literaria ou que non consegue máis que reproducir fielmente a fala popular (que non é pouco naquela altura) desde unha perspectiva ancorada no dialectalismo, como algúns estudosos sinalaron. Porque non se corresponde esta visión dunha renuncia ao seu posíbel papel como conformadora dunha lingua literaria coas súas rotundas afirmacións a respecto de demostrar a valía do galego:

Por esto, inda achándome débil en forzas e níhabendo deprendido en máis escola que a dos nosos probes aldeáns, guiada sólo por aqueles cantares, aquelas palabras cariñosas e aqueles xiros nunca olvidados que tan dosemente resoaron nos meus oídos desde a cuna e que foran recollidos polo meu corazón como harencia propia, atrevínme a escribir estos cantares, esforzándome en dar a conocer como algunhas das nosas poéticas costumes inda conservan certa frescura patriarcal e primitiva, e como o noso dialecto dose e sonoro é tan a propósito como o primeiro para toda clase de versificación (Castro 1996a : 11-12).

Rosalía coñece claramente a súa función como escritora no medio dun movemento colectivo e ten vontade de transmitir as sutís distincións existentes no caso galego entre persoas usuarias da lingua oral ñe motivo central da súa escrita e público receptor da súa obra, como xa subliñamos no capítulo introdutorio. Recoñece así a nosa autora formar parte dun movemento de orixe e de ámbito urbano e semiurbano, por moito que denunciase a situación das clases populares, das labregas e dos mariñeiros. Rosalía e os seus contemporáneos diríxense ás persoas ilustradas, a unha elite intelectual que se recoñece como tal, para tentar movelas cara a unha identificación co país. Poderíamos mesmo acoutar máis este público receptor e sinalar que está conformado fundamentalmente por aquelas persoas que tiñan o galego como lingua próxima, quer por seren criadas nela, quer por

percibíreno no seu contorno e mesmo podéreno utilizar ocasionalmente. Trátase dun emprego simbólico, que pode conxugarse na altura con contradicións doutros usos escritos de carácter informal (como a correspondencia privada) por non situar nesas esferas o problema da recuperación lingüística. Desde a perspectiva da planificación lingüística, Rosalía elixe perfectamente. Non están no centro directo do seu horizonte inmediato de recepción as clases populares, que xa empregan espontaneamente o galego; tampouco o están aquelas persoas que o atacan ou que se sitúan moi lonxe das súas intencións. Están esas persoas que, pola súa instrución, mais tamén pola súa orixe e/ou relación directa cos espazos de uso cotián do galego, poden contribuír a unha mudanza de actitudes e a prestixiar, cando menos literariamente, o “noso dialecto”.

Partillamos, pois, as palabras de Rodríguez (2011: 483) sobre quen foi Rosalía de Castro:

No eido literario non existe escritor cunha conciencia práctica máis radical que a de Rosalía nin cunha visión tan material e social do problema do idioma, vinculado para ela a unha causa política á que quixo contribuír nun clima de hostilidade e de incompreensión xerais.

5.2. Referentes lingüísticos e identitarios: do pobo e a paisaxe á proclama lingüística colectiva e interclasista

Rosalía deixa moi claro no seu primeiro libro que escolle as clases populares como elemento motivador principal e que pretende reproducir –o verdadeiro espírito do noso pobo–, un pobo marcado tamén pola paisaxe, cuxa reivindicación consciente é en *Cantares gallegos* a primeira vez que se produce, como subliñou Mato Fondo (1998: 28). Somos o territorio, a terra que tripamos, a natureza que nos rodea; somos, en definitiva, un lugar. Na procura da autoestima colectiva, cómpre dignificar a paisaxe, comparándoa con outros espazos admirados por todo o mundo e contrapóndoa a Castela:

Lagos, cascadas, torrentes, veigas froridas, valles, montañas, ceos azúes e serenos como os de Italia, horizontes nubrados e malencónicos anque sempre hermosos como os tan alabados de Suíza, ribeiras apacibles e sereniñas, cabos tempestuosos que aterran e admiran pola súa xigantesca e xorda cólera..., mares imensos... ¿Que direi máis? Non hai pruma que poida enumerar tanto encanto reunido. A terra cuberta en tódalas estacións de herbiñas e de frores, os montes cheios de pinos, de robres e salgueiros, os lixeiros ventos que pasan, as fontes i os torrentes derramándose fervedores e cristiños, vran e inverno, xa polos risoños campos xa en profundas e sombrisas hondonadas... Galicia é sempre un xardín donde se

respiran aromas puros, frescura e poesía... E a pesar desto chega a tanto a fatuidade dos ñorantes, a tanto a indina preocupación que contra a nosa terra existe, que inda os mesmos que poideron contemprar tanta hermosura (xa non falamos dos que se bulran de nós sin que xamais nos haian visto nin aínda de lonxe, que son os máis), inda os que penetraron en Galicia e gozaron das delicias que ofrece, atrevéronse a decir que Galicia era... ¡¡un cortello inundo...!! ¡¡I estos eran quisais fillos... de aquelas terras abrasadas de onde hastra os paxariños foxen...! (Castro 1996a: 13-14).

Como ben explicou López Sández (2012: 55-57), partindo da idea de seren as descrições actos políticos (péñese na importancia de tripar o territorio en autores como Otero ou Risco), Rosalía sitúa a beleza da paisaxe galega como motivación central desde o prólogo ao último dos poemas de *Cantares gallegos*. As escollas tanto de referentes vexetais e áreas xeográficas, como os cualificativos pasan a nos ofrecer un todo global; é o conxunto da Galiza por extensión metonímica o que comeza a construír o noso imaxinario paisaxístico. Xa a primeira composición dá conta de estarmos a nos referir ao espazo global do noso país:

Lugar máis hermoso
non houbo na terra
que aquel que eu miraba,
que aquel que me dera.
Lugar máis hermoso
no mundo níachara
que aquel de Galicia.
¡Galicia encantada!
(Castro 1996a: 20)

Un dos obxectivos centrais do prólogo de *Cantares gallegos* é rematar coa lóxica de dominio entre os pobos. A maneira de concretar esta idea é a de situar España como unha vítima de Francia que fai con Galiza o mesmo que aquela con ela:

[...] taes fatuidades respecto de noso país teñen algunha comparanza cas dos franceses ó falar das súas eternas vitorias ganadas ós españoles. España nunca, nunca os venceu; polo contrario, sempre saleu vencida, derrotada, homillada; e o máis triste desto é que val antre eles tan infame mentira, así como val pra a seca Castilla, pra a deserta Mancha e pra tódalas demais provincias de España –ningunha comparada en verdadeira beleza de paisaxe coa nosa–, que Galicia é o rincón máis desprezable da terra. Ben din que todo neste mundo está compensado, e vén así a sufrir España dunha nación veciña que sempre a ofendeu, a mesma inxusticia que ela, inda máis culpabre, comete cunha provincia homillada de quen nunca se acorda, como non sea pra homillala inda

máis. Moito sinto as inxusticias con que nos favorecen os franceses, pro neste momento casi lles estou agradecida, pois que me proporcionan un medio de facerlle máis palpabre a España a inxusticia que ela á súa vez conosco comete (Castro 1996a: 14).

A maneira de defender a patria é, inequivocamente, a través da lingua, como se afirma en diferentes ocasións no prólogo e como se continúa no primeiro poema, “Has de cantar”:

Canta, si queres,
na lingua que eu falo
(Castro 1996a: 18)

Cantarte hei, Galicia
na lingua gallega,
consolo dos males,
alivio das penas
(Castro 1996a: 21)

Esta primeira composición é unha declaración de intencións e supón a expresión do desexo de transmitir a fala, a través da necesidade do canto, que podemos identificar perfectamente coa lingua. Xa na primeira estrofa é rotunda a afirmación de que so a través do canto poden aliviarse as penas, pois de non cantar a meniña gaiteira, “morro de pena”. A transcendente idea da necesidade de cantar (e de cantar en lingua galega), de falar, de expresarse aparece máis veces, de xeito simbólico, ao longo das composicións de *Cantares gallegos*. Existen ben poucas referencias científicas na obra de Rosalía fronte a unha moi relevante presenza da expresión, da palabra, como instrumento de construción e de autoaformación. Así, no poema terceiro, en que se produce un diálogo entre moza e vella, esta última, encarnación de sabedoría, afirma o seguinte:

—Meniña, por ben falada
ningunha se perdería.
Cóllense antre os paxariños
aqueles que mellor trían.
Morre afogado antre as pallas
o pitiño que non chía
(Castro 1996a: 25)

É verdade que a vella explica a continuación a súa necesidade de falar por andar a pedir de porta en porta, mais é este un significado que podemos reinterpretar desde a perspectiva da mesma morte de tristura expresada en “Airiños, airiños aires”:

Si pronto non me levades,
¡ai!, morrerei de tristeza,
soía nunha terra extraña,
donde extraña me alomean,
donde todo canto miro
todo me dice: '¡Extranxeira!'

(Castro 1996a: 77)

A unión de paisaxe e lingua é central en Rosalía. Se acudirmos ao relato “El cadiceño”, de grande interese sociolingüístico, observamos un correlato entre o camiño, o lugar de nacemento e a lingua. Cando os emigrantes regresan e preguntan pola súa aldea, a narración di o seguinte:

La patrona les enseña después el camino como a extranjeros que han perdido su ruta; ellos se dejan guiar como si lo ignorasen, y emprenden la marcha con el aire más grave que pueden, teniendo buen cuidado de llevar el puro en los labios y el andulú en la punta de la lengua. Ninguno sabe decir una sola palabra en gallego, y casi están por olvidarse de la puerta de su casa y del nombre de sus amigos.

Volvéndonos ao primeiro poema de *Cantares gallegos*, a intencionalidade que subxace é colectiva:

Así mo pediron
na beira do mare
(Castro 1996a : 18)

Así mo pediron
na beira do río
(Castro 1996a: 19)

Mais non abonda con esta proclama. Rosalía decide abordar esta empresa desde as pequenas cousas, dando voz a “todo aquilo, en fin, que pola súa forma e colorido é dino de ser cantado, todo o que tuvo un eco, unha voz, un runxido por leve que fose, con tal que chegase a conmovirme, todo esto me atrevín a cantar neste homilde libro” (Castro 1996: 12). A reivindicación da modestia como punto de inicio aparente, pois é unha modestia que se liga á aposta polas pequenas cousas que van cobrando forza:

pra desir unha vez siquera, i anque sea torpemente, ós que sin razón nin conecemento algún nos despresan, que a nosa terra é dina de alabanzas, e que a nosa lingua non é aquela que bastardean e champurrán torpemente nas máis ilustradísimas provincias cunha risa de mofa que, a desir verdade (por máis que esta sea dura) demostra a iñorancia máis crasa

i a máis imperdoable inxusticia que pode facer unha provincia a outra provincia irmán por probe que esta sea (Castro 1996a: 12-13).

É o proceso fica explícito novamente no último poema, onde tamén se observa a enerxía e a soltura adquirida tras a viaxe poética, que é tamén lingüística:

*Eu cantar, cantar, cantei,
a grasia non era moita,
que nunca (delo me pesa)
fun eu meniña grasirosa.
Cantei como mal sabía
dándolle reviravoltas,
cal fan aqués que non saben
direitamente unha cousa.
Pero dempois paseniño,
i un pouco máis alto agora,
fun botando as miñas cántigas
como quen non quer a cousa
(Castro 1996a: 163-164).*

Ninguén dubida a aprendizaxe iniciática ao galego que supón a obra de Pintos, cuxa vontade de construción lingüística desde a perspectiva da unificación tantas veces se puxo de manifesto en contraste co silencio a respecto do mesmo tema na autora que nos ocupa. É verdade que *A gaita gallega tocada po lo gaitero ou sea carta de Cristus pra ir dependendo a ler escribir e falar ben a lingua gallega e aínda máis* pode lerse como un manual de iniciación á lingua galega, para alén de conter moi interesantes reflexións de carácter sociolingüístico. A indubidábel estima literaria da obra de Rosalía afogou esta posibilidade interpretativa. De feito, existe un claro desequilibrio entre os estudos lingüísticos e literarios sobre a obra rosaliana. Contrasta esta escaseza cos abondosos estudos sobre a lingua doutros autores de menor relevancia e/ou fortuna na nosa historia literaria. Porén, toda a obra rosaliana presenta innumerábeis referencias lingüísticas con constantes ligazóns interconectadas. Convidamos, nesta liña, a ler o último poema de *Cantares gallegos* á luz, por unha parte, das reflexións do prólogo:

Foi este o móbil principal que me impeleu a publicar este libro que, máis que nadie, conoso que necesita a indulxencia de todos. Sin gramática nin regras de ningunha clas, o lector topará moitas veces faltas de ortografía, xiros que disoarán ós oídos dun purista; pro ó menos, e pra disculpar en algo estes defectos, puxen o maior coidado en reproducir o verdadeiro espírito do noso pobo, e penso que o conseguín en algo... si ben de unha maneira débil e froxa (Castro 1996a: 14-15).

Por outra parte, podemos cerrar o círculo a través da interpretación do canto como a lingua, tirada do primeiro poema. Lembremos que neste se pide alivio para os sufrimentos e os pesares e que a lingua galega é “consolo dos males / alivio das penas”. Desde esta perspectiva, o “cantei como mal sabía” tamén pode posuír unha relectura lingüística, do mesmo xeito que o desideratum constante sobre a mellora das súas composicións:

Eu ben quixera, é verdade,
que máis boniteiras foran.
Eu ben quixera que nelas
bailase o sol cas palomas,
as brandas auguas ca luz
i os aires mainos cas rosas;
que nelas craras se visen
a espuma das verdes ondas,
do ceu as brancas estrelas,
da terra as prantas hermosas,
as niebras de cor sombriso
que aló nas montañas rolan,
os berros do triste moucho,
as campaniñas que dobran,
a primadera que ríe
i os paxariños que voan
(Castro 1996a: 163-164)

Esta declaración –que parte do tópico da modestia como base ideolóxica principal– transfórmase tamén en “sentimento” sobrance, ese mesmo “nobre sentimento” que guía as intencións do prólogo e que remata por se converter na última parte da derradeira composición en “amor de patria”, un amor que xustifica os fallos que puideren existir:

Non me espriqueei cal quixera
pois son de espricansa pouca;
sí grasia en cantar non teño
o amor da patria me afoga
(Castro 1996a: 164).

Como vimos comentando, a meniña gaiteira que narra os cantares recibe unha petición para cantar en lingua galega e no primeiro poema deixa claro que as súas intención van chegar a calquera persoa, independentemente da súa idade, sexo ou condición social, pois é o conxunto do país o que ten que se liberar do menosprezo castelán, nunha contundente proclama interclasista:

Quen queira me chame,
Quen queira me obriga;
Cantar, cantareille
De noite e de día
(Castro 1996a: 22).

Buscaime, rapazas,
velliñas, mociños.
Buscaime antre os robres.
Buscaime antre os millos,
nas portas dos ricos,
nas portas dos probes,
que aquestes cantares
a todos responden
(Castro 1996a: 22-23).

Como xa afirmou Lorenzo (1986: 31), non pode negarse a Rosalía conciencia do que é unha lingua literaria e a súa procura. A súa vontade de construción ten, mesmo, marcas de autora. Rosalía estaba, como indica Rodríguez (2011: 471), preocupada polo “abandono do galego como lingua oral por parte das clases campesiñas, e tamén das outras, acelerado e impulsado polo fenómeno migratorio, e sabía que o idioma simbolizaba a realidade global do país”. De aí que sexa especialmente significativo o seu chamamento para a meniña gaiteira cantar en galego.

Xulgamos que o nuclear para entendermos a súa posición lingüística é decatármonos de que Rosalía transitaba por un modelo diferente, interesado por transcender os paradigmas e por enviar mensaxes distintas das que agardamos. Acontece aquí o mesmo que cando tentamos retrotraer anacronicamente os modernos conceptos de castelanismos, diferencialismos ou arcaísmos a obras literarias de etapas en que non existía unha consolidación dun estándar. García Negro fai recaer sobre as palabras finais do prólogo unha posición de lamento pola falta dunha lingua codificada, mais unha queixa que non pode ser paralizante. Especialmente significativas para o fío co que queremos concluír son as anotacións entre parénteses da profesora da Universidade da Coruña na seguinte cita:

Tal mención (“Sin gramática nin regras de ningunha clas, o lector topará moitas veces faltas de ortografía, xiros que disoarán ós oídos dun purista...”) é reveladora dun debate, naquela sincronía, entre partidarios de romper a afasia literaria da lingua galega (práctica seguida pola nosa escritora) e aqueloutros que proclamaban a necesidade de contaren cunha lingua codificada, perfectamente normativizada, con “Autoridades” (masculinas, por suposto) de quen emanasen as preceptivas correspondentes (a botánica antes do que as flores...) García Negro (2010: 56-57).

Porque a obra de Rosalía non pode ser estudada desde patróns convencionais, senón desde a ruptura co noso horizonte de expectativas e a transcendencia de se situar nun outro parámetro, que continuamos a analizar.

5.3. A sustentabilidade lingüística da ruptura

Parécenos² que pode ser de utilidade para a análise e a futura planificación a aplicación ao caso das linguas da metodoloxía que Ajenjo Calderón, baseándose fundamentalmente en Pérez de Orozco, realizou desde a Economía Feminista, moi concretamente, a diferenza entre Economía Feminista da Conciliación e Economía Feminista da Ruptura (Ajenjo Calderón 2011). Partamos desde o comezo que non se trata de unha superar a outra ou antecede-la. Non son liñas paralelas para continuarmos sen acharmos puntos en común. Son camiños diferentes con elementos de encontro. Esta falta de correlación temporal é a mesma que podemos achar nos estadíos que Monteagudo & Fernández Salgado (1995) describiron na conformación da lingua literaria moderna: o galego popularizante, o galego diferencialista ou enxebriante³, o galego protoestándar e o galego estándar.

Para o obxecto de estudo das repercusións de xénero na crise e as posibilidades de construción dun novo sistema económico, a Economía Feminista da Conciliación tenta situar nun mesmo nivel dúas esferas que funcionan na economía como totalmente opostas: a mercantil e a doméstica, o ámbito non remunerado. Nesta división sexual do traballo, os homes asumen o rol de sustentador familiar e as mulleres adscribíense aos labores menos prestixiados, entre os que salienta o traballo doméstico non remunerado, sen valor nunha sociedade de mercado.

Esta perspectiva, no que á Economía se refire, distánciase dos enfoques androcéntricos que só atenden a parte monetarizada da realidade económica e consegue eliminar a carga xerárquica dos elementos economía/non economía; traballo/non traballo. A relevancia deste enfoque non é tanto incluír a esfera doméstica, senón incluí-la asimilándoa ao mercado, isto é, descartando a existencia de actividades económicas distintivas dos fogares e excluindo da análise aspectos persoas e emocionais (afecto, cariño, culpabilidade, frustración...). Nesta análise, cómpre subliñar que a esfera mercantil non perde a centralidade.

2 Como xa comentamos noutra ocasión (Sanmartín Rei 2012).

3 Unha etapa que tamén se podería denominar de construción da lingua e onde, sen ningunha dúbida, estaría Pondal como demostrou Ferreiro ao longo de numerosos estudos, un tema sobre o que volve no artigo que incorpora neste volume.

A Economía Feminista da Ruptura intenta desenvolver formas alternativas para pensar a economía, sitúase fóra das concepcións capitalcéntricas dominantes e trata de construír un discurso que permita liberar o termo subordinado da inevitábel estrutura de valoración asociada á lóxica falo/capitalcéntrica (Pérez de Orozco 2006: 138). Céntrase no impacto da crise sobre o elemento que transcende e contén tanto a esfera doméstica como mercantil, a denominada sustentabilidade da vida, un termo bifronte, que precisa dotarse dun punto de vista que incorpore os dous aspectos centrais e que será, para Pérez de Orozco, na liña doutras pensadoras, o coidado da vida. Mentres que na Economía Feminista da Conciliación a noción de coidados se refire ao coidado por parte da familia e das institucións, na Economía Feminista da Ruptura, considérase a noción de coidados como un todo, isto é, facerse cargo do mantemento da vida e da dependencia universal. Neste enfoque a centralidade é para as persoas, cos seus corpos e coas súas identidades (Ajenjo Calderón 2011: 93).

En resumo, aínda que os dous focamentos cuestionan os marcos preexistentes, no da conciliación óptase por conceder o mesmo valor a calquera dos dous espazos (público e privado), co que, dada a desigualdade existente, o público é o que, finalmente, sae reforzado. Mentres, o que caracteriza a perspectiva da ruptura é a reversión das xerarquías, ao ofrecer moito maior peso ao elemento infravalorado.

Podemos trasladar a base desta diferenza conceptual á problemática da diversidade lingüística, e teríamos como a Sustentabilidade Lingüística da Conciliación trataría de superar a clásica división diglósica entre esfera públicas e privada para o galego. Entrarían nesta liña os discursos lingüísticos que vulgan prioritarios conseguir todo o que lle concede “a vida adulta” ás linguas. Trátase de o galego posuír hexemonía social nunha praxe necesaria dominante, coa utilización na vida pública dos usos secundarios guiados pola racionalidade. Desde a perspectiva da Sustentabilidade Lingüística da Conciliación, serían centrais a recuperación para o galego de ámbitos como a correspondencia privada. Por nos situarmos na época de Rosalía, representarían esta visión do que lle falta ao galego as seguintes palabras con que Pardo Bazán continuaba a secundarizar a nosa lingua: “También es cultivo literario para un idioma la conversación entre gentes instruidas, el comercio epistolar, la oratoria sagrada, y profana, los instrumentos públicos; y en Galicia esto se hace en castellano (Pardo Bazán 1888: 11)”. Situándose tamén nesta perspectiva, as Irmandades da Fala cumprían o obxectivo de levaren o galego a estes espazos, como ben indicou Ramón Vilar Ponte no seu discurso de entrada na Real Academia Galega (Villar Ponte 1977).

A Sustentabilidade Lingüística da Ruptura non pretendería continuar a separar o privado e o público para conceder, na realidade, moita máis importancia ao público, como faría a Sustentabilidade Lingüística da Conciliación. Trátase agora de achar aquilo que pode transcender as dúas esferas, un termo que ben poderíamos englobar no valor emotivo-simbólico, de que fala Rodríguez (2011: 461) como causante do uso do galego da escrita literaria. Entraría de maneira central neste enfoque a vontade de transcender a realidade, de nos situarmos lonxe da lóxica do dominio. Neste mesmo eixo temos que situar o seu afán de superar a dicotomía clásica entre progreso e sentimento, entre obxectividade e subxectividade, na procura do que denominaríamos modernamente unha ollada desde a unha ‘transcendencia interseccional’. E nese cruzamento están a seguranza e a estética, ou a estética da seguranza, se o preferirmos. Asemade, estaríamos na indagación desde a ollada das pequenas cousas, desde unha aparente humildade que daría cabida a cantar o privado, na aposta por uns valores estéticos e lingüísticos baseados no popular, mais tentando transcendelos. Así tamén o expresou Carlos Negro no artigo “Meniña gaitera” onde explica magnificamente a grandeza desta obra. Reproducimos a continuación as súas palabras polo seu interese e pola xenial capacidade de síntese na súa relectura dos Cantares: “Un dos grandes acertos estéticos de Rosalía de Castro: pois non se trata de arredar o texto poético das súas fontes etnográficas e culturais, senón que as transcende integrándoas naturalmente no seu discurso de dignificación patriótica” (Negro 2013).

Como demostrou Rodríguez (2011: 482):

Rosalía fai uso do galego na escrita literaria co afán de promover a conciencia nacional, tarefa prioritaria e consciente, máis importante que calquera coherencia persoal no uso do galego en actividades particulares ou noutros ámbitos da vida, o que naquel contexto non era a premente necesidade.

Como non era obxectivo naquel momento, tal e como vimos, peneirar os castelanismos. Rosalía foi, pois, nos seus usos e nas súas ideas sobre a lingua, unha rupturista, unha transgresora, que se move nun paradigma diferente, de difícil redución aos moldes establecidos.

Lembremos que a aposta de Rosalía pola ruptura coa entrada dun paradigma diferente non significa que non existan outras posicións moi relevantes desde un modelo formulado segundo parámetros máis habituais. Entre a ruptura rosaliana e un grao de conciliación dominado por unha forte resistencia ideolóxica ao que podería supor o desenvolvemento político de certas ideas lingüísticas e culturais, tamén achamos elementos que, desde a conciliación, apostan pola intervención a prol da recuperación do prestixio do galego e en galego, como é o caso de Pintos:

E aposto cento por un,
e máis poño o que non teño,
que si catro galleguiños
das catro esquinas do reino
se sacoden,
co el abrochan
con patriótico empeño
polas aldeas e vilas,
e cuiden de recollelo,
de compolo e arrombalo,
e facer un todo inteiro,
¡xuro a Dios!, volvo a decire,
que ha de ser un gusto velo
chegar a donde chegaron
os outros, e en anos menos,
e máis inda rebasalos,
e deixalos ben arredro
(Pintos 1853).

Pintos sitúase nun plano descritivo, que cuantifica a posición subalterna da lingua galega:

É verdá que hoxe non usan
o noso idioma gallego
para leis, nin escrituras,
nas oficinas, nin tempos,
nin poñen declaracións,
nin estenden testamentos

Por outra parte, o seu discurso inclúe solucións de igualación con outras linguas para facer visíbel o idioma secundarizado:

Escriban tod’os que saben
o noso idioma gallego;
fáganse dimpois apuntes,
o millor sempre escollendo;
redondéese o linguaxe
como tod’os máis fixeron,
que gramáticas dimpois
e dicionarios a centos
veredes polos mercados
e nas tendas dos libreiros.

Rosalía opta por unha análise máis parcial e localizada, situando a raíz do problema nun nivel diferente que procura, fundamentalmente, a responsabilidade social e conmoer as consciencias, tamén as individuais:

—Que te libren de ti mesma,
pídelle a Dios, rapariga,
que somos nós para nós
as lurpias máis enemigas
(Castro 1996a: 28).

E a fusión do individual e o colectivo está presente en cada poema, en cada texto, e no seu conxunto⁴, para nos lembrar que cada persoa cumpre a súa función e que todo cando dicimos nos caracteriza de maneira singular. Por iso, o silencio é a expresión da dominación:

Pero máis val que enmudesa,
pois tes condición de ingrata;
que predicar en deserto
da miña terra níe usanza.
Si fun culpabre en quereros
coma ningún vos amara,
por ser de terra gallega
e serdes vós castellana,
en paz, señora, vos deixo
ca vosa soberba gracia,
e voume á Galicia hermosa
donde en xuntanza me agardan
o que no tendes, señora,
i o que en Castilla níachara:
campiños de lindas rosas,
fontiñas de frescas auguas,
sombra na beira dos ríos,
sol nas alegres montañas,
caras que nacen sorrindo
e que sorrindo vos aman,
e que inda mesmo morrendo
en sonrisiñas se bañan.
Alí, señora, contento
cantando o doce *ala lala*,
baixo a figueira frondosa,
en baixo da verde parra,
cíaquelas frescas meniñas
que mel dos seus labios manan,
cando en falar amoroso
meigo nos din en voz maina
con tódalas de Castilla
nóbriñas castellanas
olvidareivos sin pena,
anque sós vós tan fidalga
(Castro 1996a : 102-103)

6. Conclusións

Xulgamos que a seguranza lingüística pode representar ese elemento de ‘transcendencia interseccionalí, esa ferramenta que pode liberar a lingua subordinada da súa continua medición coa lingua dominante. Para iso, a seguranza ten que se basear na procura dun modelo de lingua de calidade, un modelo que posúe raíces populares e se asenta na lingua oral, mais nunha lingua oral en continua interacción coa literatura, a estética e a creación, con quen fomos, coa lingua histórica e literaria e con quen queremos ser.

O focamento bifronte que propomos baséase na unión entre seguranza e estética, nunha estética da seguranza que poña por riba a lealdade lingüística e a responsabilidade e contribúa a mudar o imaxinario colectivo sobre a nosa lingua.

Nesta perspectiva, a centralidade está xustamente nas persoas, nas e nos falantes, nos seus modelos de lingua, nas eleccións conscientes que parten dun fondo coñecemento lingüístico e literario. E con esa centralidade, con ese goce estético, podemos camiñar por vieiros diferentes de chegada á lingua. A aposta pola calidade da lingua supón, pois, insuflar altas doses de autoestima, de orgullo, de confianza, de pracer e rebeldía.

E nesta elección téñense en conta de maneira prioritaria unha escolla que se dirixe de maneira especial aos sectores máis comprometidos coa lingua, a eles e aqueloutros que posúen unha especial relevancia pública, convencidas como estamos de que non se trata dunha volta atrás, senón de incorporarmos o pasado no futuro que está por vir.

Porque non queremos inmovilismos nin silencios.

Referencias bibliográficas

- AGENJO CALDERÓN, A. (2011): “Lecturas de la crisis en clave feminista: una comparación de la literatura en torno a los efectos específicos sobre las mujeres”, *Papeles de Europa* 23, 70-100.
- CAMERON, D. (1995): *Verbal Hygiene* (London & New York: Routledge).
- CALVET, L.- J. (1998): *A (Socio)lingüística* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- CASTRO, R. DE (1996a) [1863]: *Cantares gallegos* (Vigo: AS-PG & A Nosa Terra).
- CASTRO, R. DE (1996b) [1880]: *Follas Novas* (Vigo: AS-PG & A Nosa Terra).

⁴ Lembremos a duplicidade, por exemplo, de “Castellana de Castilla” e “Castellanos de Castilla”.

- FORMOSO GOSENDE, V. (2010): “Mudarmos o imaxinario comunitario sobre o galego: un reto alcanzable?”, en SANMARTÍN REI, G. (ed.): *Lingua e futuro*, 133-159 (Ames: Laiovento).
- FREIXEIRO MATO, X. R. (2009): *Lingua de calidade* (Vigo: Xerais).
- G[ARCÍA] B[LANCO], M. (1912): *Consideraciones sobre la decadencia y rehabilitación de la Lengua Gallega* (Lugo: El Norte de Galicia).
- GARCÍA NEGRO, M. P. (2010): *O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- LÓPEZ SÁNDEZ, M. (2012): “Memoria, ecoloxía e identidade na Galiza”, en SANMARTÍN REI, G. (ed.): *Lingua e Ecoloxía. VIII Xornadas sobre Lingua e Usos*, 51-64 (A Coruña: Universidade).
- LORENZO, R. (1986): “A lingua literaria na época de Rosalía”, *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*, vol. 3, 7-41 (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega & Universidade).
- LOUSADA DIÉGUEZ, A. (1930): “Encol da prosa galega”, *Nós* 73, 2-8 (15/011930).
- MATO FONDO, M. (1998): *A escrita da terra. Configuración do espacio natural na literatura galega* (A Coruña: Espiral Maior).
- MONTEAGUDO, H. (1996): “Nación / creación. Estética e política no agromar do ensaio galego”, *Anuario de Estudos Literarios Galegos 1995*, 63-108.
- MONTEAGUDO, H. (2000): “Castelao escritor. O ensaio”, en *Exposición 50 Aniversario CASTELAO*, 87-97 (Santiago de Compostela: Fundación Caixa Galicia).
- MOREIRA BARBEITO, M. (2014): *Contra a morte das linguas. O caso do galego* (Vigo: Xerais).
- NEGRO, C. (2013): “Menina Gaiteira”, *Sermos Galiza* (24/02/2013) [Disponíbel en <http://www.sermosgaliza.gal/opinion/carlos-negro/menina-gaiteira/20130213120042011046.html>].
- PARDO BAZÁN, E. (1984) [1888]: *De mi tierra* (Vigo: Xerais).
- PÉREZ DE OROZCO, A. (2006): *Perspectivas feministas en torno a la economía: el caso de los cuidados* (Madrid: Consejo Económico y Social).
- PÉREZ DE OROZCO, A. (2014): *Subversión feminista de la economía. Aportes para un debate sobre el conflicto capital-vida* (Madrid: Traficantes de sueños).
- PINTOS, J. M. (1981) [1853]: *A gaita gallega* (A Coruña: La Voz de Galicia).
- REGUEIRA, X. L. (2012): “Autenticidade e calidade da lingua: purismo e planificación lingüística no galego actual”, *Estudos de Lingüística Galega* 4, 187-201.
- RODRÍGUEZ, F. (2011): *Estranxeira na súa patria* (A Coruña: AS-PG).
- SÁNCHEZ REI, X. M. (1999): *Se o vós por ben tiverdes. A interpolación pronominal en galego* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- SANMARTÍN REI, G. (2009): *Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación lingüística* (Vigo: Xerais).
- SANMARTÍN REI, G. (2010) (ed.): *Lingua e futuro* (Ames: Laiovento).
- SANMARTÍN REI, G. (2012): “Consideracións sobre a decadencia e a rehabilitación da lingua galega. Unha lectura en paralelo da sustentabilidade lingüística desde as achegas da economía feminista”, en SANMARTÍN REI, G. (ed.): *Consideracións sobre a decadencia e a rehabilitación da lingua galega. Homenaxe a Manuel García Blanco. Monografía 7 da Revista Galega de Filoloxía. Monografía 7 da Revista Galega de Filoloxía, 159-182* (A Coruña: Área de Filoloxías Galega e Portuguesa & Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña).
- VILLAR PONTE, R. (1977): *A xeración do 16. Discurso lido o día 16 de xuño do 1951, na súa recepción por Don Ramón Villar Ponte e resposta de Don Ramón Cabanillas Enríquez* (A Cruña: Publicacións da RAG).